

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 13 de xullo de 2015 pola que se constitúe unha unidade de xestión na Coruña.

O artigo 19 do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, establece que a Axencia Tributaria de Galicia, para o desempeño das súas funcións e baixo a dependencia da Dirección, se estrutura en áreas e departamentos por razón da materia e en función dos distintos ámbitos de actuación, así como en unidades centrais e delegacións, para o efecto da desconcentración das funcións que así o requiran e de acordo co que se delimite por orde da consellería competente en materia de facenda e nas instrucións e directrices emitidas pola Dirección.

O artigo 21 do estatuto determina como unha das unidades centrais con competencias en materia de xestión tributaria, a Área de Xestión Tributaria, coas funcións enumeradas no artigo 23. O artigo 23 sinala que corresponde á devandita área, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto no mesmo decreto, deban entenderse atribuídas a outros órganos ou unidades, as funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa que se lle atribúan mediante orde da consellería competente en materia de facenda, así como as demais que lle encomende a Dirección ou que se lle deleguen.

A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia vén desenvolver o disposto no Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia en canto á determinación da estrutura e as funcións de xestión tributaria, do exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria e de revisión administrativa dos órganos de xestión tributaria. A organización e distribución de funcións que a dita orde aborda, vén determinada por tres factores: en primeiro lugar, pola modernización dos procedementos, sobre todo coa introdución progresiva nos últimos anos das novas tecnoloxías, en segundo, pola idea da flexibilización na asignación dos seus recursos como forma de aumentar a eficiencia no seu funcionamento, e en terceiro, pola potenciación dos labores de información e asistencia aos obrigados tributarios.



Unha das funcións que corresponde á Area de Xestión Tributaria consiste no estudo, deseño e proposta dos procedementos de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias en colaboración coas outras áreas da Axencia. Os labores de detección e control dos incumprimentos das obrigacións tributarias e, moi especialmente, os incumprimentos da presentación das autoliquidacións e da documentación exigible consonte coa normativa tributaria, exixen unha especial cualificación e a accesibilidade e o manexo dun bo número de bases e sistemas de información que aconsellan a especialización e a execución por un número determinado de persoas especialmente cualificadas nestes procesos. Ademais, cómpre ter en conta que así como, por unha banda, a apertura e conclusión dos diferentes procedementos de comprobación dos incumprimentos pode xestionarse ao través de procesos actuados de xeito masivo, pola outra, a apertura e conclusión dos diferentes procedementos de comprobación actuados para a regularización das situacións detectadas reviste unha especial complexidade dado o elevado número de comprobacións e o emprego de bases e sistemas de información de acceso restrinxido.

Por este motivo, unha vez implantada a Atriga, coa súa nova organización baseada na especialización dos órganos de xestión en funcións e en materias concretas, cómpre seguir profundando nas posibilidades que ofrece o uso das novas tecnoloxías para a realización de controis extensivos, incrementando en definitiva a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles. O modelo de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigas tributarias ten que establecer actuacións extensivas baseadas en procesos informáticos que se refiran a todas as obrigas tributarias en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, deixando a decisión na selección de expedientes na esfera central e mantendo a súa execución na esfera territorial, para o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e para o imposto sobre sucesións e doazóns. E todo isto, sen prexuízo de posibilitar a canalización de iniciativas no ámbito territorial sobre actuacións selectivas encamiñadas a resolver discrepancias, incoherencias ou situacións, nas cales existan indicios de incumprimentos significativos. Por último, a execución das actuacións concretas derivadas do plan de control deben realizarse dun xeito homoxéneo e por unha única unidade administrativa no ámbito territorial de cada delegación, dada a especial complexidade da súa execución, sinalada nos parágrafos anteriores. Para estes efectos, coa nova organización territorial da Atriga, a execución do plan de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias nas delegacións territoriais de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo será realizada polos respectivos departamentos de Xestión Tributaria, mentres que no ámbito territorial da provincia da Coruña, constitúese unha unidade de xestión tributaria, adscrita ao Departamento de Xestión Tributaria.



Para estes efectos, o artigo 5 da Orde do 20 de decembro de 2012 establece no seu punto 6 que «Nas delegacións da Axencia poderá haber, adscritas ao Departamento de Xestión Tributaria, unidades que asumirán as funcións sinaladas no punto anterior cando as actuacións que se vaian realizar revistan especial complexidade, tales como as que tivesen por obxecto grandes patrimonios ou grupos económicos, entidades pertencentes a un determinado sector, subsector económico ou actividade económica ou aquelas cuxo importe económico sexa significativo», engadindo que estas unidades «podrán realizar as actuacións correspondentes cando concorran as circunstancias sinaladas anteriormente, fóra do ámbito territorial da delegación a que estean adscritos, cando así o habilite o xefe da Área de Xestión Tributaria».

Deste xeito, mediante esta resolución constitúese unha unidade de xestión que, baixo a dirección da Área de Xestión Tributaria e adscrita ao Departamento de Xestión Tributaria da Delegación da Atriga na Coruña, realizará as funcións establecidas no punto 5 do artigo 5 da Orde do 20 de decembro de 2012 anteriormente citada no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Así, en virtude do exposto e de acordo co establecido no punto 6 do artigo 5 da Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Constituír e adscribir ao Departamento de Xestión Tributaria da Delegación Territorial da Atriga na Coruña, unha unidade de xestión para a execución do Plan de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias no ámbito territorial da provincia da Coruña consonte co disposto nesta resolución.

Segundo. A unidade de xestión actuará, baixo a dirección da Área de Xestión Tributaria, nos procedementos de xestión tributaria recollidas na normativa xeral tributaria, para a regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias detectadas polo Plan de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias concernentes aos impostos de sucesións e doazóns e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Terceiro. A unidade de xestión actuará os procedementos sancionadores en materia tributaria derivados da detección das infraccións tributarias tipificadas nas normas tributa-



rias detectadas polo Plan de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias concernentes aos impostos de sucesións e doazóns e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Cuarto. A composición da unidade de xestión aprobarase mediante resolución da Área de Xestión Tributaria.

Quinto. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2015

Ulpiano Villanueva Rodriguez
Director da Axencia Tributaria de Galicia

CVE-DOG: bxfq2rp2-p9m0-3he9-wbp6-kv73nbdrrkvm5

